



ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO. CURSO 2023-2024.

Seguindo o artigo 14 do apartado 4 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG de 25 de maio) elaboramos a addenda do proxecto lingüístico.

Está contemplado como obxectivo dentro da Programación Xeral Anual a renovación do PLC cara a un Proxecto de tratamento de integración das linguas tal e como xa recollía o *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación (2005)* ao explicar que o enfoque plurilingüe se centra no feito de que conforme se expande a experiencia lingüística dun individuo nos ámbitos culturais dunha lingua o individuo non mantén estas linguas e culturas en compartimentos estritamente separados, senón que desenvolve unha competencia comunicativa á que contribúen todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas e na que as linguas se relacionan entre si e interactúan.

Desde esta perspectiva, o enfoque da área de lingua debe partir de presupostos comúns e metodoloxías similares para todas as linguas do currículo, que faciliten o transvase do aprendido nunha lingua a calquera das outras. O enfoque integrado tradúcese nunha selección de contidos interrelacionados (comprensión e produción de textos diversos coas súas características lingüísticas) para todas as linguas do centro e unha metodoloxía común, tanto no oral como no escrito.

No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a alínea 10 do capítulo I sobre os principios e obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria di:

10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a



terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Este será o seguinte paso a termos en conta á hora de reelaborar este Proxecto Lingüístico de Centro: traballarmos máis aló dunha visión tradicional do ensino e aprendizaxe das linguas (no noso caso: lingua galega, lingua castelá e tamén linguas estranxeiras); superarmos iniciativas departamentais, moitas veces independentes e incitarmos procesos de colaboración para abordar o tratamento das linguas de xeito integrado, no eido dun ensino inspirado nas competencias clave.

A variación nos datos na situación de partida deste estudo sobre o uso da lingua na comunidade educativa do IES de Catabois non é relevante como para modificar os cadros existentes. Xa temos comentado anos anteriores que o número e as características do alumnado son practicamente as mesmas. Este curso temos discentes das seguintes nacionalidades estranxeiras: marroquí, venezolana, ecuatoriana, portuguesa e uruguaia.

Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver neste curso 2023-2024. Así mesmo, preveremos a duración das actividades coa finalidade de que non se superpoñan (na medida do posible). En resumo, as actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para este curso escolar detállanse na Programación do EDLG.



PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

1. INTRODUCCIÓN

O EDLG procurará como todos os cursos, dun xeito firme e motivador, traballar arreo na dinamización da nosa lingua no IES de Catabois. O noso fin segue a ser a normalidade do emprego do idioma en todas as situacións comunicativas que rodean esta comunidade educativa.

En principio o noso obxectivo sería seguir unha liña de continuidade coas programacións presentadas os cursos pasados, mais a situación de excepcionalidade que vivimos o curso pasado a partir de marzo e as restricións que está habendo este, fai que todas as actividades que se desenvolvan serán adaptadas á nova situación, polo que moitas delas non se poderán levar a cabo.

Neste instituto aínda se observa un predominio notable do castelán sobre o idioma autóctono. Este predominio dáse indistintamente tanto na relación entre alumnado/profesorado, dentro e fóra das aulas, como na relación entre o propio alumnado.

Estamos a traballar con rapazas e rapaces castelán falantes practicamente na súa maioría e cunha contorna hostil cara á Lingua Galega

É por isto labor noso intentar desbotar prexuízos, corrixir e fomentar o uso do idioma, de xeito que a discriminación positiva se faga efectiva na práctica e non só na teoría, e máis agora, cando materias consideradas de prestixio deixan de impartirse en galego para facelo en castelán.

2. COMPOSICIÓN DO EDLG:

Contamos co apoio e a adhesión do claustro. Calquera actividade promovida para a normalización



do idioma ten o recoñecemento e a colaboración da comunidade educativa.

Representantes do persoal docente: Isabel Tojeiro Luaces (Dpto. Francés), como coordinadora; equipo directivo e todos os xefes e xefas dos distintos departamentos.

Representantes do alumnado. O equipo conta coa colaboración espontánea do alumnado de diferentes niveis.

Representante do persoal non docente: Dna. Paula Durán Formoso.

3. BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

- **A contorna sociolingüística do centro.**

O IES de CATABOIS conta con 176 alumnos e alumnas para este curso. A práctica totalidade deles residen no Concello de Ferrol, pero proceden da área periférica do municipio, así como de varias parroquias do rural. Comparten, por tanto, características de zona urbana e semiurbana.

Respecto do uso da Lingua Galega, cómpre dicir que non variou con respecto a anos anteriores e que, practicamente na súa totalidade, o alumnado é castelán falante aínda que haxa avós ou pais e nais que falan en galego. Debemos sinalar a existencia tamén de alumnado doutras nacionalidades, especialmente hispanoamericana.

- **A situación do profesorado.**

O centro conta cun claustro de 28 profesores (un deles comparte centro) e 4 membros do persoal non docente.

Polo que se refire ao uso da Lingua Galega por parte do **profesorado**, cómpre dicir que predomina o castelán nas súas relacións persoais aínda que á hora da actividade académica a lingua vehicular é o galego nas materias en que é de obrigado cumprimento.



- **A situación do alumnado.**

No centro conviven alumnos pertencentes á ESO, ao Bacharelato e aos Programas Formativos (Comercio e Almacén). Cabe mencionar tamén a existencia dun grupo PDC en 3º de ESO e outro en 4º de ESO.

Non se pode obviar a importante porcentaxe de **alumnado** xitano que asiste ao noso centro. Aínda que este alumnado está escolarizado dende primaria e cursa a materia de Lingua Galega ten moitas máis dificultades porque o uso na contorna máis próxima é completamente nulo.

- **A situación lingüística do centro.**

Alén disto, en canto á **contorna**, como xa se sinalou uns parágrafos máis arriba, algúns alumnos proceden das parroquias limítrofes co núcleo urbano e algúns membros das familias (sobre todo os máis vellos) aínda se expresan en galego, circunstancia que vai mudando cando nos centramos xa nos rapaces dos barrios ferroláns.

4. OBXECTIVOS

4.1. Obxectivos xerais

Non varían con respecto a anos anteriores. Estamos convencidos de que o ámbito familiar -con respecto aos alumnos- é o punto de referencia básico a ter en consideración con relación á adquisición da lingua, non tanto a escola. Con todo, consideramos que no centro educativo podemos intentar promover, fomentar, dignificar e facer unha discriminación positiva con relación ao noso idioma. Será un dos obxectivos principais poñer os alicerces necesarios para posibilitar que a nosa lingua sexa a de identidade propia e de uso habitual no ámbito escolar. Confiamos en que as actitudes e consideracións con respecto á lingua autóctona (produto da situación diglósica do noso país) poidan ser modificadas.



4.2. Obxectivos canto á lingua habitual:

- Incrementar o uso da lingua galega entre a comunidade escolar, tanto alumnado como profesorado.
- Intentar romper cos hábitos diglósicos da contorna (aínda que comúns a toda Galiza, máis acusados na nosa cidade e comarca).
- Asesorar práctica ou tecnicamente a todo aquel membro docente que, con obrigatoriedade ou non, imparta as súas clases en lingua galega.
- Asesorar o alumnado, fundamentalmente o dos Programas Formativos Básicos, no uso da lingua galega na etapa de prácticas nas empresas.
- Preparar actividades (conferencias, teatro, cinema, festivais, concertos, exposicións, saídas...) que teñan como finalidade o fomento da nosa lingua.
- Como novidade este curso temos a posta en marcha da radio dentro do proxecto Ponte nas Ondas.

4.3. Obxectivos canto á competencia lingüística

- Incentivar o alumnado para que sinta interese pola lingua.
- Crear hábitos de lectura e de escrita en galego, así como no uso de calquera tipo de material que se poida empregar en diferentes ámbitos académicos.
- Dinamizar actividades de índole extraescolar en que se vexa que o uso da lingua é natural e posible.

4.4. Obxectivos canto á valoración do idioma

- Fomentar o respecto para coa diversidade lingüística e cultural.
- Asumir a lingua galega como elemento válido para calquera función comunicativa en calquera contexto.
- Recuperar o estatus que á Lingua Galega lle corresponde como idioma propio de Galiza.

4.5. Obxectivos específicos por sectores da comunidade educativa.



-Con relación ao **alumnado**, eliminar prexuízos aínda existentes , intentar que se incremente nel o número de galegofalantes e, sobre todo, conseguir que se empregue no maior número de relacións comunicativas que se establezan, pertencen estas ao rexistro oral ou escrito, a situacións consideradas socialmente pouco formais ou, polo contrario, moi formais.

-Con relación ao **profesorado**, intentarase que se amplíen as materias a impartir en lingua galega, á parte daquelas que xa por lei teñen que ser neste idioma, xa que temos profesores galego-falantes que empregan o castelán nas clases. Procurarase, ademais, que a nosa lingua sexa a lingua vehicular non só das explicacións das distintas materias, senón tamén da redacción de exames, apuntamentos, relacións cos demais membros do centro, etc. Finalmente, o equipo de Dinamización sempre lle presta asesoramento lingüístico de bo grado ao profesorado.

-Con relación **ao persoal non docente**, ofrecerlle un asesoramento no uso da lingua galega no seu traballo no centro a fin de que tamén sirva como alicerce para o uso na súa vida cotiá.

-Respecto da **situación lingüística do centro** afianzar e procurar que aumente o uso do idioma en todas as situacións comunicativas.

-No relativo á **contorna**, procurar eliminar os prexuízos existentes canto á Lingua Galega.

5. MEDIDAS

Para conseguir estes obxectivos son necesarias varias medidas, a maioría de carácter plurianual e que figuran xa no PLC. Entre elas destacamos:

-Nas comunicacións propiamente administrativas non se fará especial fincapé, salvo para asesorar, pois xa están redactadas en galego. Si o faremos, no entanto, en anuncios, comunicados, circulares, etc. cando non estean na nosa lingua. En definitiva, o EDLG, está a disposición de toda a comunidade educativa cando precisan de axuda a este respecto.

-Adquirir material de consulta en galego que incida no proceso normalizador. Isto abranguerá calquera dos ámbitos educativos (distintas disciplinas, administración, actividades



extraescolares...)

-Seguir a colaborar coas asociacións veciñais máis próximas.

-Participar nas actividades da Coordinadora de Equipos de Normalización e nas promovidas por Normalización do Concello de Ferrol para, entre outras cousas, compartir experiencias con eles.

5. ACTIVIDADES:

Procuraremos, un ano máis, que as actividades dinamizadoras para este curso teñan un carácter eminentemente interdisciplinar. Traballamos sempre en colaboración co conxunto dos departamentos. Consideramos importante a implicación de toda a comunidade educativa para intentar que o proceso de normalidade lingüística se vaia afianzando. Cremos que imos por bo camiño.

Faremos uso da cortiza xa existente do Equipo para combinar aspectos informativos xunto con lúdicos e persuasivos de cara á normalización do noso idioma. De igual xeito, compartiremos o espazo virtual co blog da Biblioteca como unha ferramenta máis de difusión do idioma.

As actividades que se van desenvolver, ou posibles que poidan xurdir para este curso, **sempre adaptándoas á nova situación de emerxencia sanitaria**, son as seguintes:

1. Edición de materiais en Lingua Galega.

Á parte do asesoramento xeral a todos os membros da comunidade educativa propoñemos tamén as seguintes actividades:

-Seguir editando a **revista escolar Lembranzas** a final de curso.

-Desde o blog do Itinerario Lector do departamento de Lingua, e desde o propio blog da biblioteca, iremos achegando ligazóns de interese: dicionarios en liña, tradutores, correctores, gramáticas e manuais, cambios na normativa, vocabularios ortográficos... que axudarán á hora de



resolver dúbidas lingüísticas; enlaces con recursos educativos na nosa lingua; outras ligazóns de interese (toponimia, xornais, museos...).

- Normalizar implica que o noso alumnado vexa normal o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de par das que eles consideran “máis importantes”. Normalizar é concienciarlos da igualdade das linguas e de que a función principal de calquera lingua é a de comunicármolos. Para isto, propoñemos seguir elaborando material conxunto nas linguas que están a traballar do tipo: fichas plurilingües con expresións e actos de fala usuais para fixaren e ver as diverxencias e as similitudes entre as estruturas lingüísticas; textos en calquera tipo de formatos...

- Somos conscientes da importancia das redes sociais para os adolescentes, así que continuamos cun perfil Instagram no que compartimos ideas e proxectos. Creamos unha sociedade (que chamamos secreta), cun manifesto de presentación, que se comunica a través da rede social citada anteriormente.

Entre as súas actuacións está a creación dun logo para a “sociedade secreta normalizadora” que se creou xunto co perfil de Instagram. Para a súa elaboración tívose en conta varios aspectos:

- a etimoloxía de Catabois.
- a convivencia (ao mesmo nivel) das diferentes linguas estudadas no centro.
- pasado, a historia.
- carácter resistente do proxecto

2. Charlas con autores, conferencias e espectáculos didácticos.

Sempre que a nova situación nolo permita, procuraremos traer escritores que lles falen aos rapaces das súas obras tanto se son de lectura obrigatoria coma se non; a asistencia a teatros e outros espectáculos.

3. As nosas tradicións

Neste apartado incluímos todas aquelas actividades orientadas ben a recuperar ou ben a



promover tradicións da zona. Este curso **O Samaín, O Magosto e O Entroido** vanse celebrar tendo en conta as medidas sanitarias pola Covid que estean vixentes nese momento.

4. Concursos

- Polo Magosto e o Samaín concurso de **cabazas** e concurso de **epitafios**.
- Polo Nadal o EDLG adoita convocar un concurso para recuperar a tradición de **panxoliñas** da zona na que se encontra o centro. O ano pasado non se levou a termo. Este ano procuraremos realizala, xa que esta actividade e a anterior permiten recuperar parte da literatura tradicional da zona. Tamén por estas datas propoñeremos a elaboración de **tarxetas de Nadal**.
- Tamén no Entroido hai concursos de composicións relacionadas con esa data.
- Por San Valentín concurso de cartas de amor co que se pretende demostrarlles aos rapaces que en galego tamén se poden expresar os sentimentos máis profundos. Asemade motivarémolos para que participen no Lingua de Amor.
- Un clásico no centro é a participación no certame Poesía e Imaxe organizado polo Concello de Ferrol. O IES de Catabois sempre leva algún premio. Colabora activamente o Departamento de Plástica.
- Así mesmo, participaremos no Certame literario Carmela Loureiro, tamén organizado polo Concello de Ferrol e a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

5. Especial Día das Letras

Sobra dicir que todos os anos no mes de maio ocupa un lugar especial a figura homenaxeada. Sempre se convocan premios literarios, exposicións e conferencias entre outras actividades. Nelas participan tamén as asociacións veciñais. Este ano a figura homenaxeada será Luísa Villalta. Darémola a coñecer non só á comunidade educativa, senón tamén a pais e nais a ás asociacións



veciñais a través da exposición bibliográfica que montaremos na entrada do instituto.

6. A colaboración coa Biblioteca

Se hai algo do que nos sentimos orgullosos neste centro é da Biblioteca e do seu bo funcionamento. Varios integrantes do equipo de Normalización tamén forma parte do equipo de biblioteca. Traballamos conxuntamente co equipo da Biblioteca para potenciar o noso idioma no centro á parte de organizar exposicións e actividades ligadas á lectura (asesoramento lingüístico, confección de boletíns, entradas nos blogues, participación nas actividades promovidas pola biblioteca...). Como xa indicamos, o EDLG compartirá blog co Departamento de Lingua e mais co da propia biblioteca para a difusión das súas actividades e das novas referidas co idioma.

7. Colaboración con outras entidades

Un dos obxectivos do IES de Catabois é a colaboración coa contorna da que provén o seu alumnado. Seguindo con este principio o EDLG sempre está disposto a colaborar en calquera actividade que a veciñanza organice co obxectivo de potenciar o uso da Lingua Galega. Tamén se lles ofrece asesoramento lingüístico no caso de que o precisen. Como xa quedou dito máis arriba, as asociacións de veciños San Pablo e Santa Mariña están en contacto permanente connosco. De igual xeito, desde hai tres cursos, o traballo conxunto coa ECHO (Empresarios, Comerciantes e Hostaleiros de Catabois) está a dar moi bos resultados.

A colaboración co Concello de Ferrol, fundamentalmente co Departamento de Normalización Lingüística é continua. Tamén estamos abertos a participar en calquera actividade organizada por entidades públicas ou privadas que teñan como obxectivo conseguir a plena normalización do idioma.



8. Outras actividades

Propoñemos outra serie de actividades para desenvolver co alumnado, profesorado e persoal non docente, e sempre **tendo en conta a garantía sanitaria**:

- Celebración do Día de Rosalía. Lectura en común da súa obra. Cancións baseadas na súa poesía, dramatización da súa vida...
- Colaborar cos diferentes Departamentos na conmemoración de **datas sinaladas** no calendario escolar: Día de Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro); Día contra a violencia de Xénero (25 de novembro); Día da paz (30 de xaneiro); Día da muller traballadora (8 de marzo); Día do libro; semana da Letras...

Procuraremos que, cando menos, a nosa lingua sexa o instrumento de difusión nas exposicións, nas lecturas de textos, que se leven á termo para celebrarmos eses eventos.

- Este ano tamén, varios membros do EDLG coordinarán e colaborarán nos distintos proxectos do Plan Proxecta. Se hai algo que normaliza un idioma é a súa presenza nos ámbitos non usuais.
- Gustaríanos participar no **Correlingua**. Se for posible, participaremos co alumnado de 1º ESO.
- Organizar actividades lúdico-culturais que permitan recuperar tradicións autóctonas en perigo de desaparición (baleirado de cabazas, o meco, os maios, a figura do apalpador...).
- Colaborar cos distintos departamentos en calquera actividade complementaria ou extraescolar na que se empregue o galego como lingua normal de comunicación. Dependemos da axuda da Xunta para levarmos a cabo este tipo de actividades.
- Colaborar na publicación dos diferentes boletíns da biblioteca.
- Participar en calquera actividade que supoña un paso adiante na consecución da plena normalización da Lingua Galega.



5. AVALIACIÓN E PREVISIÓN DE IMPACTO.

Igual que en cursos anteriores, a **avaliación** que se fará sobre o proceso de normalización terá as seguintes características:

- Inicial: farase unha análise sociolingüística que se centre no alumnado novo posto que do outro xa temos datos.

- Permanente: permitirá facer unha reflexión continuada e correctora sobre todos os elementos que interveñan no proceso.

- Sumativa: intentará tirar o máximo de proveito da información que se atinxa.

- Global: ampla reflexión sobre todos os aspectos do proceso con especial atención á medición dos avances do proceso.

Previsión de **impacto**.

O obxectivo principal e final do Equipo de Dinamización da Lingua Galega é potenciar, fomentar e dignificar o uso da lingua galega na comunidade educativa e, a través dela, da sociedade. Confiamos en que as medidas e actividades aquí expostas dean os seus froitos a máis curto prazo nas familias e contorno veciñal vinculadas ao noso centro.

POTENCIACIÓN DA APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS:

Co obxectivo de fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, desenvolveranse as seguintes actuacións:

3. DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES DO MECD OU DA CONSELLERÍA relacionadas co idioma inglés: DIGITAL-WEEK, Rutas Científicas, Artísticas e Literarias en Inglés, Centros de Educación Ambiental... e participarse naquelas que sexan aprobadas en CCP.



4. INTERCAMBIOS CO ESTRANXEIRO:

- Desenvolverase un intercambio virtual cun centro francés ao abeiro do Programa Edu-exchanges, que foi concedido ao centro.
 - Solicitaremos un curso máis o proxecto para Erasmus+
3. E-TWINNING: Continuarase co Proxecto e-Twinning sobre a paisaxe

4. SECCIÓNS BILINGÜES:

Continuarase coas seccións bilingües do departamento de Tecnoloxía en Inglés que abranguerá os cursos de 1º e 2º de ESP; coa sección bilingüe en inglés en E.Física (1º e 3º de ESO). Todas elas temos comprobado que contribúen á mellora da aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Contaremos coa axuda dunha auxiliar de conversación en inglés compartida co CEIP A Laxe e cun auxiliar de Francés compartido co IES Bremao.

O Proxecto Lector do Centro.

O dominio da lingua e o desenvolvemento das competencias que se relacionan con ela conta coa lectura como ferramenta que axuda non só á aprendizaxe do código na súa modalidade oral senón tamén na escrita, á ampliación do vocabulario, ao desenvolvemento da imaxinación e á capacidade de comprensión, é por esa razón que os obxectivos do Proxecto Lector do centro están intimamente relacionados con aqueles que configuran o núcleo central das linguas. Tal e como se recollen, gran parte dos obxectivos do Proxecto Lector son perfectamente asumibles cos presentados polos departamentos de linguas: desenvolver e consolidar o hábito lector no alumnado, fomentar o interese pola lectura como alternativa de lecer, desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, isto é, mellorar a súa capacidade de comprensión e expresión, oral e escrita, fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna ou favorecer a normalización e integración dos alumnos con capacidades diversas, propiciando a participación igualitaria nas actividades de fomento da lectura. Así, as actividades propostas polo Proxecto Lector contribúen, xunto coas propostas polos distintos



departamentos das linguas, á consecución dos obxectivos deste Proxecto Lingüístico.
Concretarase para este curso no Plan anual de lectura.

REPARTO DE LINGUAS POR MATERIAS E CURSOS:

Para dar cumprimento ao establecido nos artigos 7.4, 8 e 21.2 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, neste curso académico o reparto de linguas será o que a continuación se detalla:

1º ESO:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Bioloxía e Xeoloxía	3			
Educación Física Sección Educación Física Non Sección	2		(2)	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2			
Lingua Castelá e Literatura		3		
Lingua Galega e Literatura	3			
Lingua estranxeira Inglés			3	
Matemáticas		5		
Disposición de centro Reforzos de Matemáticas/Lingua Castelá		2		
2ª lingua estranxeira Francés*				2
Relixión católica/Proxecto competencial	1			
Xeografía e historia	3			
Tecnoloxía e Dixitalización		3	(3)	
TOTAL	14	13	3 (+2) (+3)	2

* Os apoios de Linguas en 1º impártense en galego. Os apoios de Matemáticas, en castelán



2º ESO:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Educación Física sección Educación Física Non sección	2		(2)	
Física e Química		3		
Lingua Castelá e Literatura		3		
Lingua Galega e Literatura	3			
Lingua estranxeira Inglés			3	
Matemáticas		5		
Música	1			
2ª lingua estranxeira Francés*				2
Relixión católica/Proxecto Competencial	1			
Xeografía e historia	3			
Tecnoloxía e Dixitalización		3	(3)	
Música	2			
TOTAL	12	14	3 (+2) (+3)	2

* Os apoios de Linguas e Matemáticas en 2º impártense en castelán



3º ESO A:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Bioloxía e Xeoloxía	2			
Física e Química		2		
Educación Física	2		2	
Ed. Plástica, Visual e Audiovisual Sección/		2		
Lingua Castelá e Literatura		3		
Lingua Galega e Literatura	3			
Lingua estranxeira Inglés			3	
Cultura Clásica/ 2ª lingua estranxeira Francés		3		3
Matemáticas		4		
Relixión católica/Proxecto competencial	1			
Xeografía e historia	3			
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1			
Música	2			
TOTAL	14	14	3 (+2)	3



3º ESO PDC:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Educación Física	2		(2)	
Ámbito científico	2 (BIO)	6 (MAT+FQ)		
Ámbito lingüístico	6 (LG+XH)	3 (LC)		
Ámbito de linguas estranxeiras (inglés)			3	
Ed. Plástica, Visual e Audiovisual	2			
Cultura Clásica/ 2ª lingua estranxeira Francés		3		3
Relixión católica/Proxecto competencial	1			
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1			
Música		2		
TOTAL	14	14	3+2	3



4º ESO:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Bioloxía/ Dixitalización	3			
2ª Lingua Estranxeira/ Expresión Artística				3
Educación Física	2			
Oratoria/ Tecnoloxía	3			
Lingua Castelá e Literatura		3		
Lingua Galega e Literatura	3			
Lingua estranxeira Inglés			3	
Tecnoloxía		3		
Matemáticas académicas/aplicadas		4		
Relixión católica/Proxecto Competencial		1		
Xeografía e historia	3			
TOTAL	17	17	3	3



4º ESO PDC:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Educación Física	2			
Ámbito científico	3 (BIO)	7 (MAT+FQ)		
Ámbito lingüístico	6 (LG+XH)	3 (LC)		
Ámbito de linguas estranxeiras (inglés)			3	
Expresión Artística		3		
Oratoria/	3			
Tecnoloxía		3		
Relixión católica/Proxecto competencial	1			
TOTAL	15	16	3	

PROGRAMAS FORMATIVOS BÁSICOS (COMERCIO E ALMACÉN):

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Comunicación e Ciencias Sociais I: - Inglés - Sociedade - Lingua Galega - Lingua Castelá	1+1 1+1	1+1	1+1	
Ciencias Aplicadas I		2+2		
TOTAL	4	6	2	0



BACHARELATO: Establecerase unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

1º BAC:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Lingua Castelá e Literatura		3		
Lingua Galega e Literatura	3			
Lingua estranxeira Inglés			3	
Filosofía	3			
Educación Física	3			
Matemáticas Aplicadas ás CC. SS. /Matemáticas I		4		
Debuxo técnico/ Bioloxía e Xeoloxía/ Historia do Mundo Contemporáneo		4		
	4			
	4			
Economía/ Física e Química		4		
	4			
TIC/ 2ª Lingua Estranxeira Francés		4		
				4
Relixión/ Métodos de Cálculo		1		
TOTAL	21	20	3	4



2º BAC:

MATERIA	LINGUA NA QUE SE IMPARTE e NÚMERO DE HORAS			
	Galego	Castelán	Inglés	Francés
Lingua Castelá e Literatura		3		
Lingua Galega e Literatura	3			
Lingua estranxeira Inglés			3	
Historia de España	3			
Historia da Filosofía		3		
Historia da Arte/ Matemáticas Aplicadas II	4			
		4		
Economía de Deseño de Modelos de Negocio	4			
Métodos Estatísticos e Numéricos		4		
Cultura Anglosaxoa			1	
TOTAL	14	14	4	